A creación de textos c@s alumn@s

Participantes:

María Fernández Prieto

Efigenia Louro Otero

Mª Nieves Martínez Serrano

José Carlos Pérez López

Neste curso de *A creación literaria e aprender a escribir* tivemos ocasión de coñecer e practicar diferentes recursos, estratexias e actividades para fomentar a expresión escrita e a creación de textos. Decidimos poñer en práctica algúns co noso alumnado. O obxectivo principal que nos animaba era conseguir un achegamento á experiencia literaria en rapaces tan pequenos, invertindo os roles clásicos e pasando de ser meros consumidores de textos literarios a creadores das súas propias obras, amén de que todo o proceso resultase nunha experiencia non só enriquecedora senón tamén lúdica e polo tanto motivadora.

Imos presentar e comentar tres de ellas: a elaboración de acrósticos en terceiro de primaria, un bestiario en primeiro de primaria e un conto en educación infantil de catro anos.

◆ O conto en educación infantil de catro anos.

Partindo da escala musical, que eles coñecen, escolleron as sílabas para facer o nome do animal e despois intentamos crear unha historia dese animal fantástico entre todos os/as nenos/as de este grupo de infantil.

A actividade resultou moi motivadora e participativa, pois colaboraban os nenos/as dicindo lugares, comidas e comentando feitos que estaban relacionados coa súa vida cotiá.

Chamoulles a atención o resultado final e remataron a actividade debuxando a “Dosila”, a gata fantástica que eles mesmos crearon.

A través do conto xurdiron moitos temas na aula que puidemos traballar: a hixiene dos animais nas rúas, lugares onde ou que coñecemos, comidas que nos gusta,...

Este e o conto que resultou:

Dosila

Dosila é unha gata pequena, con peliños nos papos, unha boca grande e un nariz pequerrecho. Ten unha cola longa... cun laciño na punta.

A Dosila gústalle xogar á pelota e é moi glotona, come penso, pementón, lentellas, patacas fritas e polo.

Dosila ten unha dona, Pepita, que a saca a pasear cunha correa todos os días ao parque. Durante o paseo fai pis e caca e Pepita recolle as cacas nunha bolsa para que non quede a rúa sucia nin resbale a xente. Cando volta do paseo, a Dosila gústalle durmir nun saquiño suave e redondo que Pepita lle fixo con algodón.

Dosila ten moitos amigos, gatos e gatas que atopa por Fisterra, Buxán, San Martiño, Corcubión, Carballo, Cee... e con eles pelexa, xoga ao escondite, comen xuntos e poñen sementes para que nazan outros gatiños.

Colorín colorado este conto está rematado.



◆ Un Bestiario en primeiro de primaria.

Despois de diversos intentos máis ou menos afortunados cos acrósticos e caligramas, optamos pola fórmula do Bestiario ao concordar que era a que mellor se adaptaba ao nivel de coñecementos lingüísticos dos nosos alumnos, tanto a respecto do vocabulario como dos recursos formais dos que dispoñen. Igualmente convén mencionar que se trata dun curso composto por 21 nenos e nenas, bastante inquedos e con grandes anceios por se comunicar, así que consideramos que o plantexamento

colectivo da actividade era a mellor maneira de que todos poidesen aportar algo á mesma, independentemente das súas capacidades individuais, co cal nos evitariamos por outro lado posibles frustracións.

O proceso desenvolveuse do seguinte xeito:

- Primeiro explicámoslles que entendemos polo termo Bestiario e en que consistiría a elaboración do mesmo.
- A continuación discutimos en grupo que tipo de cualidades quereríamos que tivese o noso animal imaxinario e como se plasmaría esto nos seus rasgos e caracterísiticas físicas así como de carácter, costumes,etc.
- Despois de apuntar na pizarra as principais ideas *xeradoras* elixidas para o noso animal iniciamos o proceso propiamanete dito da elaboración do mesmo, principiando pola descripción fisica para posteriormente pasar ás cualidades, hábitos e demais. Isto fíxose seguindo un rigoroso turno de palabra para así evitar tanto o caos como garantir a aportación de todo o colectivo.
- Finalmente cando xa tíñamos unha idea bastante clara do noso animal fantástico pasamos a poñer en orde as ideas aportadas e a redactalas nun texto. Neste caso é cando a figura do mestre adquire maior relevancia ao actuar sobre o resultado final do texto, pulindo e retocando aqueles aspectos que fan que os elementos aportados polos almnos encaixen nun todo.

O resultado final aportanos a satisfacción dun traballo realizado en grupo, no que todos os alumnos se poidan sentir identificados como autores colectivos, incluso os menos dotados e inseguros.

Asimesmo permitelles poñer en uso tanto os recursos expresivos e vocabulario aprendidos como todos os seus coñecementos previos a cerca dos animais, amosándolles deste xeito que a creación literaria nos obsequia con resultados as veces sorprendentes, partindo simplemente do emprego dun xeito innovador e imaxinativo de elementos e ferramentas presentes naturalmente na linguaxe e no noso entorno.

Como exemplo da nosa práctica incluimos o seguinte Bestiario elaborado na clase de lingua:

"O noso animal ten cabeza de tigre pero coas orellas de elfo e o pescozo moi longo como o da xirafa. No alto da cabeza tamén ten tres cornos de touro. O seu corpo é ovalado e todo cuberto de escamas douradas e pinchos polas costas e saenlle igualmente dos lados duas ás de gaivota. Ten unha soa pata pero ben grande; en cambio a súa cola é pequeniña coma a do elefante.

É un animal herbívoro ao que lle gustan especialmente os pétalos de rosa. Se

alguén o ataca ou se enfada e capaz de escupirllos á cara. Pon ovos cadrados de moitas cores nun niño feito de arames de ferro. Vive nas covas escuras dos volcáns da xungla onde coida das súas crías e así pódeas protexer do frío. Os seus mellores amigos son os dragóns cos que van de viaxe voando a Australia. Cando está contento fai un son parecido o ronroneo dos gatos e cando está enfadado berra coma un elefante cando lle pisan a trompa. Sabe recoller el lavar os pratos moi ben despois de comer, polo que podemos ver que é un animal moi limpo e ben educado. Este tipo de animal fantástico chámase Korwuain e quedan moi poucos no mundo porque os cazadores búscanos nas xunglas de Africa para facer colares coas súas escamas douradas e palillos de dentes cos pinchos das súas costas."

- **Os acrósticos en terceiro de primaria.**

O noso obxectivo era a creación de textos poéticos cos alumnos/as de terceiro de educación primaria que xa traballaran este tipo de textos noutros momentos do curso (lecturas individuais e colectivas de poemas, comprensión lectora dos mesmos, familiarización cos aspectos formais dos mesmos: versos, estrofas, rimas...) pero non intentaran ata agora elaborar ningún.

Para facilitarlle a tarefa e facelo de forma motivadora escollimos realizar acrósticos entre todos. Os pasos a seguir foron os seguintes:

•Explicarlles que era un acróstico e como o iamos realizar.

•Elexir a palabra xeradora do acróstico e sobre a que ía tratar a estrofa.

•Pedir ideas de versos que empezaran pola letra correspondente e que falaran dese tema. Dixéronse moitos e entre todos escollemos os que máis gustaban. Pouco a pouco iámolos cambiando ata que encaixaba no conxunto da estrofa.

•Cando non sabían como empezar o verso, pedíamoslles que dixeran palabras relacionadas co tema que empezaran con esa letra. Con esas palabras de axuda éralles máis doado facer un verso.

•Unha vez que tiñamos un verso para cada letra, limos a estrofa varias veces para ver que tal sonaba a estrofa final. Case sempre tiñamos algún verso que non quedaba moi "poético" (eles mesmos decidían cales eran) entón tratabamos de melloralo dando ideas entre todos.

•Para melloralos utilizabamos comparacións, personificacións, elipsis e incluiamos adxectivos axeitados.

Observamos que participaron activamente todos os nenos/as, incluso aqueles que normalmente dicían que non sabían escribir textos. Utilizaron moito vocabulario e

tivemos ocasión de repasar contidos de lingua xa traballados como palabras sinónimas, familias de palabras, ortografía...

Algúns dos acrósticos elaborados foron os seguintes:

Bonito e verde bosque,

O bufo e o oso falan,

Se escoitamos soñamos.

Que bonito están os piñeiros!

Un lobato xoga namorado.

E que fermoso é o bosque!

Pouca auga hai,

Rochas cheas de sal,

Area, area e moita area.

Ía correndo de novo ata o mar.

Ata o próximo verán.

Hai moitas máis actividades propostas neste curso, que nos pareceron interesantes, que poñeremos en práctica para tentar que os nosos alumnos melloren a súa expresión escrita e a súa creatividade literaria.